



# ECO-IDEAS ADEGA

Consellos e ideas educativas para pasar na casa a corentena da Covid-19



## OBXECTIVOS

Divulgar a problemática das especies exóticas invasoras.

Coñecer as especies invasoras próximas, nomeadamente das mascotas.

Fomentar actitudes que contribúan a mitigar esta problemática.

## RECURSOS

<https://n9.cl/dtmw9>

## Mascotas invasoras

As **ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS** son na actualidade unha das principais causas de perda de biodiversidade a nivel global. As especies exóticas invasoras son aquelas especies de flora ou fauna que son introducidas nun ecosistema alleo, sexa de forma intencionada ou accidental, e acaban establecéndose e expandíndose en detrimento das especies autóctonas, podendo chegar a facelas desaparecer. O comercio de animais e a tenza de mascotas é unha das vías de entrada de especies invasoras.

## Mascotas invasoras

A nivel ambiental as bioinvasións provocan alteracións nos ecosistemas e modifícanos provocando a súa homoxeneidade. Ademais algunhas especies poden transmitir enfermidades e depredar sobre especies autóctonas, etc... Porén, o impacto non só atinxe ao medio ambiente senón que tamén incide na economía e noutros aspectos sociais e da saúde.

A tenza de mascotas é na actualidade unha das vías de introducción de especies invasoras. Aves, mamíferos, réptiles ou peixes e outras especies de terrario ou acuariofilia, son cada vez máis doadas de mercar para telas na casa.

Así mesmo, o comercio ilegal a través da Internet ten aumentado moito nos últimos anos e é unha das principais vías de entrada nos fogares de mascotas e tamén de especies invasoras ao medio.

Ás veces as persoas liberan no medio as súas mascotas unha vez que se cansan delas, medran demasiado ou o seu comportamento non é o que esperaban; son molestas e ruidosas ou teñen un comportamento agresivo. O porco vietnamita é un claro exemplo de mascota que estivo de moda e unha vez, esta pasou, foron liberados no monte causando problemas de hibridación co xabarín e polo tanto provocando contaminación xenética.

Cotorra arxentina comendo os nesperas





Na seguinte listaxe aparecen as principais especies de mascotas do Decreto 630/2013 que prohiben entre outros o comercio destas especies.

En verde as especies que xa están presentes en Galicia e en vermello as que aínda non chegaron (pero xa ocupan outras zonas da península).

MAMÍFEROS	AVES	RÉPTILES	ANFIBIOS	PEIXES	OUTROS
Visón americano <i>Mustela-Neovison vison</i>	Cotorra arxentina <i>Myopsitta monachus</i>	Galápago de orellas vermelhas <i>Trachemys scripta</i>	Ra touro <i>Lithobates catesbeiana</i>	Peixes cabeza de serpe <i>Channa spp</i>	Triops de cola longa <i>Triops longicaudatus</i>
Mapache <i>Procyon olor</i>	Cotorra de Kramer <i>Psittacula krameri</i>	Sapoconcho/galapa go pintado <i>Chysemys picta</i>	Sapo marino <i>Bufo marino</i>	Chanchito <i>Australoheros facetus</i>	Caracol xigante africano <i>Achatina fulica</i>
Porco vietnamita	Bico de coral <i>Estrilda spp</i>		Sapo común asiático <i>Duttaphynus melanostictus</i>	Carpa vermella <i>Carassius auratus</i>	Caracol mazá e outros Familia Ampullariidae
Ourizo pigmeo africano <i>Aterix albiventris</i>	Bengalí vermello <i>Amandava amandava</i>		Ra de unllas africana		
Ourizo egipcio ou orelludo <i>Hemiechinus auritus</i>	Reiseñor de Xapón <i>Leiothrix lutea</i>				
Mangosta pequena asiática <i>Herpestes javanicus</i>	Bulbul orfeo <i>Pycnonotus jocosus</i>				
Can mapache <i>Nyctereutes procyonoides</i>	Bulbul cafre <i>Pycnonotus cafer</i>				
Coatí <i>Nasua spp</i>	Quelea común <i>Quelea quelea</i>				
Esquíu siberiano ou esquíu raposa Menos esquíu vermello					



Porco vietnamita

## Que facer:

A problemática das especies exóticas invasoras require da participación de toda a sociedade, e cantos máis sectores da mesma colaboren na súa solución antes se freará o seu avance.

## Tendas de mascotas:

- 🌿 Non importar animais que teñan un posible comportamento invasor.
- 🌿 Informar aos clientes sobre a problemática das invasoras e que facer con elas.
- 🌿 Ser conscientes das consecuencias ambientais, económicas e sanitarias que causan as mascotas.
- 🌿 Asesorar sobre as características dos animais cando son novos e como serán de adultos.
- 🌿 Informar sobre as “malas mascotas”.

## LECTURA

Na seguinte ligazón está accesible o Código de conduta para evitar o comercio de fauna exótica invasora.

<https://n9.cl/1qewg>



Bico de coral



## Que facer:

### Que podes facer ti?:

- 🌿 Lembra que os animais non son xoguete e requiren coidados e esforzo.
- 🌿 Unha mascota implica responsabilidade e gastos, coidados veterinarios, alimentación, instalacións axeitadas, etc... Pénsao ben.
- 🌿 Antes de mercalo, pensa que podes adoptar animais abandonados. De mercalo, que sexa nunha tenda especializada.
- 🌿 Boa parte dos animais abandónanse debido a que o comportamento non era o esperado, por unha mala escolla.
- 🌿 Non merques animais por Internet, non contribúas ao tráfico ilegal de especies. Acude a tendas especializadas e pide/esixe a documentación do animal, certificados de importación, orixe e certificado sanitario.
- 🌿 Infórmate na tenda sobre o potencial invasor da especie na que tes interese.
- 🌿 Infórmate ben antes de mercar peixes ou moluscos para acuarios e ten coidado coas plantas acuáticas, hai moitas invasoras (*Egeria densa*, etc...). Cando limpes o acuario coidado cos animais e plantas.
- 🌿 Nunca o liberes no medio natural, entrégao nun Centro de Recuperación de Fauna.

Carpíns “liberados” nunha charca






## Glosario

**Biodiversidade:** Diversidade biolóxica.

**Bioinvasión:** Irrupción brusca de organismos foráneos.

**Diversidade biolóxica:** A variabilidade de organismos vivos de calquera fonte, incluídos os ecosistemas terrestres e mariños e outros ecosistemas acuáticos e os complexos ecolóxicos dos que forman parte; comprende a diversidade dentro de cada especie, entre as especies e dos ecosistemas.

**Especie exótica invasora:** unha especie exótica é una especie introducida fóra da súa área de distribución normal, son especies que ao establecerse e propagarse modifican os ecosistemas, os hábitats ou outras especies.



Ganso do Nilo